

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016777	Carlos Casares	Viana do Bolo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CBIFC12	Informática de oficina	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3029	Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	2023/2024	10	296	355

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	RAFAEL VEGA SÁNCHEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

Este módulo profesional contén a formación asociada á función de montar e manter sistemas e periféricos microinformáticos, almacenaxe, etiquetado e rexistro.

A actividade profesional do alumnado desenrolarase en empresas ou entidades públicas ou privadas, tanto por conta propia como allea, de calquera tamaño e sector produtivo, que dispoñan de redes de transmisión de voz e datos para o seu funcionamento. Tamén se pode desenrolar esta actividade en empresas adicadas á comercialización, a montaxe e reparación de equipos e servizos microinformáticos; e empresas que prestan servizos de asistencia técnica microinformática, ademais de nas distintas Administracións Públicas, como parte do soporte da organización.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Elementos básicos de electricidade e electrónica	Exposición dos compoñentes electrónicos que se utilizan nos ordenadores e periféricos	28	8
2	Introducción ós equipos microinformáticos	Introducción ós equipos informático	4	1
3	A carcasa e a fonte de alimentación	Explicación sobre a carcasa e a fonte de alimentación	14	4
4	A placa base, o procesador e a memoria	Análise de toda a placa base, o procesador, a memoria e a setup	82	23
5	Unidades de almacenamento da información	Exposición das unidades de almacenamento	28	8
6	Tarxetas de expansión	Explicación das tarxetas de expansión	35	10
7	Os periféricos microinformáticos	Elementos de entrada e saída máis utilizados	46	13
8	Instalación do sistema operativo	Explicación da instalación do sistema operativo	43	12
9	Ordenadores portátiles e netbooks	Estudio dos distintos elementos que se utilizan e a forma de instalalos	18	5
10	Mantemento e reparación de equipos informáticos	Localización das averías nun equipo informático	50	14
11	Embalaxe e etiquetado de equipos microinformáticos	Estudio do empaquetado e o etiquetado dos produtos informáticos	7	2

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Elementos básicos de electricidade e electrónica	28

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO
RA2 - Ensambla os compoñentes de hardware dun equipamento microinformático, con interpretación de guías e instrucións, aplicando técnicas de montaxe	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características dos elementos eléctricos e electrónicos utilizados na montaxe de sistemas
CA2.1 Comprobase cada compoñente antes da súa utilización, seguindo as normas de seguridade establecidas

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Corrente continua e corrente alterna. Lei de Ohm. Magnitudes eléctricas: intensidade, diferenza de potencial (tensión), resistencia, potencia e enerxía eléctrica. Aparellos de medida de magnitudes eléctricas. Efecto Joule.
Técnicas de montaxe, substitución e conexión de compoñentes e periféricos microinformáticos.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Introducción ós equipos microinformáticos	4

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO
RA2 - Ensambla os compoñentes de hardware dun equipamento microinformático, con interpretación de guías e instrucións, aplicando técnicas de montaxe	NO
RA6 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.9 Identifícanse os tipos de portos, baías internas, zócolos e cables de conexión (de datos, eléctricos, etc.) existentes nun equipamento microinformático
CA2.2 Interpretáronse as guías de instrucións referentes aos procedementos de integración ou ensamblaxe, substitución e conexión de compoñentes de hardware dun sistema microinformático
<b>CA2.2.1 Conectáronse os compoñentes de hardware dun sistema microinformático</b>
CA6.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para a montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos
CA6.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos
CA6.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos

**4.2.e) Contidos**

Contidos
0Zócolos e baías de expansión.  Procedementos de ensamblaxe, substitución e conexión de compoñentes de hardware de sistemas microinformáticos.  <a href="#">Practicar as conexións dos compoñentes de hardware dun sistema microinformático</a>  A persoa emprendedora na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.  Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.

Contidos
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A carcasa e a fonte de alimentación	14

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO
RA2 - Ensambla os compoñentes de hardware dun equipamento microinformático, con interpretación de guías e instrucións, aplicando técnicas de montaxe	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.4 Seleccionáronse as ferramentas necesarias para o procedemento de montaxe, substitución e/ou conexión de compoñentes hardware dun sistema microinformático
CA2.3 Montáronse placas base e fontes de alimentación en distintos tipos de carcacas

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Tipos e elementos de fixación dos compoñentes ás carcacas.
Seguridade no uso de ferramentas e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Seguridade eléctrica: medidas de prevención de riscos eléctricos; danos producidos por descarga eléctrica.
Guías de instrucións de compoñentes de sistemas microinformáticos.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A placa base, o procesador e a memoria	82

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO
RA2 - Ensambla os compoñentes de hardware dun equipamento microinformático, con interpretación de guías e instrucións, aplicando técnicas de montaxe	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.8 Localizáronse os bloques funcionais en placas base utilizadas nos sistemas microinformáticos
CA2.4 Ensambláronse os compoñentes de hardware internos (memoria, procesador, tarxeta de vídeo, pila, etc.) á placa base do sistema microinformático

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Buses e conectores de datos.
Cableamento e conectores de alimentación.
Periféricos básicos: monitor, teclado, rato e impresoras.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Unidades de almacenamento da información	28

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO
RA2 - Ensambla os compoñentes de hardware dun equipamento microinformático, con interpretación de guías e instrucións, aplicando técnicas de montaxe	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.11 Descríbense ordenadamente as instrucións para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos
CA2.6 Conectáronse adecuadamente os compoñentes de hardware internos (como discos duros, dispositivos ópticos, etc.) que necesiten cables de conexión, para a súa integración no sistema microinformático

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Unidades funcionais dun sistema microinformático.
Dispositivos de almacenamento: discos duros e lectores/gravadores ópticos e magnetoópticos. Características e tipos.
Outros periféricos: altofalantes, micrófono, escáner, dispositivos multimedia, etc.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Tarxetas de expansión	35

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO
RA2 - Ensambla os compoñentes de hardware dun equipamento microinformático, con interpretación de guías e instrucións, aplicando técnicas de montaxe	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Descríbense as características técnicas de cada compoñente de hardware (interno e externo) utilizado na montaxe e/ou no mantemento dun equipamento microinformático
CA2.5 Fíxose cada dispositivo ou tarxeta de expansión na rañura ou slot correspondente, segundo guías detalladas de instalación

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Compoñentes dos sistemas microinformáticos: carcasas, fontes de alimentación, ventiladores e dissipadores de calor, placas base, microprocesadores, memoria RAM e tarxetas de expansión.
Seguridade nas operacións de montaxe, substitución e conexión de compoñentes e periféricos microinformáticos.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Os periféricos microinformáticos	46

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.10 Recoñécéronse e describíronse as características técnicas de dispositivos periféricos dun equipamento microinformático



**4.7.e) Contidos**

Contidos
Portos: paralelo, serie, USB, firewire (IEEE 1394), etc. Periféricos básicos: monitor, teclado, rato e impresoras. Outros periféricos: altofalantes, micrófono, escáner, dispositivos multimedia, etc.  Ferramentas utilizadas nos procedementos de montaxe de sistemas e periféricos microinformáticos.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Instalación do sistema operativo	43

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO
RA3 - Instala sistemas operativos libres e propietarios identificando as fases do proceso en relación coa funcionalidade da instalación	SI

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícanse as ferramentas e os dispositivos necesarios na manipulación segura de sistemas electrónicos
CA3.1 Descríbense os pasos para a instalación e a actualización de sistemas operativos
CA3.2 Instaláronse e configuráronse sistemas operativos segundo as instrucións recibidas
CA3.3 Instaláronse actualizacións e parches do sistema operativo segundo as instrucións recibidas
CA3.4 Instaláronse e configuráronse aplicacións de software en sistemas operativos
CA3.5 Verifícanse e reparáronse posibles erros do proceso de carga do sistema operativo

Criterios de avaliación
CA3.6 Utilizáronse as ferramentas de control de estruturas de directorios e de xestión de permisos
CA3.7 Anotáronse os posibles fallos producidos na fase de arranque do equipamento microinformático
CA3.8 Realizáronse copias de seguridade dos datos
CA3.9 Descríbense as funcións de replicación (clonación) de discos e particións en sistemas microinformáticos
CA3.10 Utilizáronse ferramentas de software para a creación e a restauración de imaxes de discos ou particións
CA3.11 Verificouse a funcionalidade da imaxe restaurada

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
Elementos eléctricos e electrónicos básicos: pilas e baterías, premedores, interruptores, fontes de alimentación, resistencias, condensadores, díodos (rectificadores e LED), transistores, etc.
Software básico dun sistema informático.
Ferramentas de creación e implantación de imaxes e réplicas de sistemas: orixes de información; procedementos de implantación e de verificación de imaxes e réplicas de sistemas.
Funcións do sistema operativo.
Utilización do sistema operativo.
Sistemas operativos actuais libres e propietarios.
Proceso de arranque de equipamentos microinformáticos.
Operacións con sistemas de ficheiros, directorios e permisos.
Instalación e actualización de sistemas operativos libres e propietarios.
Instalación e configuración de aplicacións software en sistemas operativos libres e propietarios.
Copias de seguridade de datos.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Ordenadores portátiles e netbooks	18

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.6 Descríbense as características de dispositivos informáticos como portátiles, táboas, plataformas semiensambladas (barebone), de adestramento multimedia, etc

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Dispositivos informáticos como portátiles, táboas, plataformas semiensambladas (barebone), de entretemento multimedia, etc.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	Mantemento e reparación de equipos informáticos	50

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO
RA4 - Comproba a funcionalidade dos elementos do sistema, os soportes e os periféricos instalados, utilizando procedementos de test axeitados	SI
RA5 - Realiza o mantemento básico de sistemas informáticos, soportes e periféricos, tendo en conta a relación entre as intervencións e os resultados que cumpra conseguir	SI

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Almacena equipamentos, periféricos e consumibles, e describe as condicións de conservación e etiquetaxe	NO

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.5 Identificáronse funcionalmente os compoñentes hardware para a ensamble e/ou o mantemento dun equipamento microinformático
CA4.1 Aplicáronse a cada compoñente de hardware e a cada periférico os procedementos de comprobación adecuados
CA4.2 Verificouse que o equipamento microinformático realice o procedemento de acendemento e de POST ("power on self test") e, de ser o caso, identificouse a orixe dos problemas
CA4.3 Comprobouse a funcionalidade dos soportes para almacenamento de información
CA4.4 Utilizáronse as ferramentas e as guías de uso para comprobar o estado e a funcionalidade dos soportes de almacenamento e da información contida nestes
CA4.5 Verificouse a funcionalidade na conexión entre compoñentes do equipamento microinformático e cos periféricos
CA4.6 Utilizáronse ferramentas de configuración, control e comprobación de verificación do correcto funcionamento do sistema
CA4.7 Rexistráronse os resultados e as incidencias producidas nos procesos de comprobación da funcionalidade dos sistemas microinformáticos
CA5.1 Comprobouse por medio de indicadores luminosos que os periféricos conectados ao sistema teñan alimentación eléctrica e que as conexións de datos estean ben realizadas
CA5.2 Descríronse os elementos consumibles necesarios para seren utilizados nos periféricos de sistemas microinformáticos
CA5.3 Utilizáronse as guías técnicas detalladas para substituír elementos consumibles
CA5.4 Descríronse as características dos compoñentes, dos soportes e dos periféricos para coñecer os aspectos que afecten o seu mantemento
CA5.5 Utilizáronse as guías de fábrica para identificar os procedementos de limpeza de compoñentes, soportes e periféricos
CA5.6 Realizouse a limpeza de compoñentes, soportes e periféricos respectando as disposicións técnicas establecidas por fábrica e mantendo a súa funcionalidade

**Criterios de avaliación**

CA5.7 Recolléronse os residuos e os elementos de refugo segundo as normas recomendables para a súa eliminación ou a súa reciclaxe

CA7.8 Recolléronse os residuos e os elementos de refugo para a súa eliminación ou reciclaxe

**4.10.e) Contidos**

**Contidos**

Compoñentes dos sistemas microinformáticos: carcasas, fontes de alimentación, ventiladores e disipadores de calor, placas base, microprocesadores, memoria RAM e tarxetas de expansión.

Técnicas de verificación e test de sistemas microinformáticos.

Software de test e verificación.

Ferramentas de verificación e diagnóstico de sistemas microinformáticos.

Procedementos de POST ("power-on self test").

Verificación da funcionalidade dos soportes de almacenamento e da integridade da información contida neles.

Verificación da conexión de dispositivos periféricos no sistema microinformático.

Informes de resultados e incidencias producidas nos procesos de comprobación de sistemas microinformáticos.

Comprobación da correcta conexión de periféricos ao sistema.

Técnicas auxiliares de mantemento de sistemas microinformáticos: mantemento preventivo e periódico.

Medidas de conservación e reciclaxe de elementos consumibles.

Procedementos de substitución de elementos consumibles.

Seguridade na manipulación e na substitución de elementos consumibles.

Procedementos de limpeza de compoñentes, soportes e periféricos.

Tratamento, reciclaxe e eliminación de residuos informáticos.

**4.11.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
11	Embalaxe e etiquetado de equipos microinformáticos	7

**4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO
RA7 - Almacena equipamentos, periféricos e consumibles, e describe as condicións de conservación e etiquetaxe	NO

**4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Descríbense as operacións e as comprobacións previas á manipulación segura de compoñentes eléctricos e/ou electrónicos
CA7.1 Descríbense as condicións para manipular, transportar e almacenar compoñentes e periféricos dun sistema microinformático
CA7.2 Identifícanse os tipos de embalaxe para o transporte e/ou a almacenaxe de cada dispositivo, periférico e consumible
CA7.3 Utilizáronse as ferramentas necesarias para realizar as tarefas de etiquetaxe previas á embalaxe e/ou o almacenamento de sistemas, periféricos e consumibles
CA7.4 Utilizáronse os medios auxiliares adecuados para os elementos que se vaian transportar
CA7.5 Aplicáronse as normas de seguridade na manipulación e no transporte de elementos e equipamentos
CA7.6 Comprobase que os compoñentes recibidos se correspondan co albará de entrega e que estean en bo estado
CA7.7 Rexistráronse as operacións realizadas seguindo os formatos establecidos

#### 4.11.e) Contidos

Contidos
Seguridade eléctrica: medidas de prevención de riscos eléctricos; danos producidos por descarga eléctrica.
Técnicas de etiquetaxe, embalaxe, almacenamento e transporte de sistemas e compoñentes informáticos.
Procedementos e ferramentas de etiquetaxe.
Embalaxe de compoñentes e periféricos dun sistema microinformático.
Precaucións para considerar no traslado de sistemas microinformáticos.
Normativa de prevención de riscos laborais no transporte e na almacenaxe de produtos.
Albarás de transporte.

#### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>5.1. Avaliación continua</p> <p>Para a obtención da cualificación ou nota final da avaliación, a valoración dos distintos contidos será a seguinte:</p> <p>Haberá tres avaliacións que se corresponderán co calendario oficial do centro.</p> <p>En cada avaliación puntuarase:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Realización de exercicios prácticos e teóricos na aula de informática.</li><li>-Un exame teórico, práctico ou teórico/práctico por cada unidade didáctica.</li><li>-Participación na aula.</li></ul> <p>Para aprobar a avaliación o/a alumno/a deberá obter unha nota de 5 ou máis puntos.</p> <p>A ponderación dos distintos instrumentos de avaliación será:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Examen teórico, práctico ou teórico/práctico: media aritmética das unidades didácticas, 60%</li><li>-Exercicios na aula de informática: 40%</li></ul>
---

Nota final da avaliación: Exames\*0,6 + Exercicios\*0,4

A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións unha vez que o alumno se presentara e realizase as recuperacións necesarias.

Actuación co alumnado que non asiste ós exames:

- O alumno ausente no día do exame por cuestións médicas debidamente xustificadas terá sempre dereito a un novo exame.
- O alumno ausente no día do exame por razóns de enfermidade ou circunstancias persoais xustificadas polos seus pais/nais terá dereito a un novo exame sempre e cando sexa a primeira vez que isto lle sucede. Poderá perder o dereito a realizar ese exame se se aprecia unha intención de fraude ou interese en retrasar a realización da proba.
- O alumno que non realiza un exame será valorado cun 0 no apartado co que se corresponda a proba.
- No caso de non poder asistir a ningún exame, o profesor poderá determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno ata ese momento.

#### 5.2. Avaliación final.

No caso de non conseguir unha cualificación de aprobado nunha ou varias das avaliacións parciais, o alumno poderá ter acceso á proba final de módulo ou realizar os traballos que marque o profesor.

Se o alumno perde o dereito a a avaliación continua ao exceder o número de faltas permitidas, poderá realizar a proba final de módulo, neste caso a materia comprenderá todo o módulo.

Ademáis teranse en conta os seguintes apartados:

##### a. Exercicios, traballo e caderno.

Alguns destes traballos e exercicios teranse qu entregar nas condicións e prazos fixados. No caso de non entregar algún traballo en condicións e prazos fixados, a nota deste apartado será cualificado coma un 0. Os traballos serán valorados tendo en conta: o contido, a presentación, a comprensión e a exposición oral dos mesmos na clase. Serán valorados cun 0 os traballos e exercicios nos que se aprecie a técnica de copiar e pegar. Aínda que se establezan grupos de traballo, só serán valorados os alumnos que realmente fixeran o traballo. Ao finalizar cada unidade revisárase o caderno valorando a súa completitude, orde e limpeza.

##### b. Actitude.

Asistencia e puntualidade. O profesor do módulo resérvase o dereito de non retirar-las fallas de asistencia ós alumnos que cheguen a clase despois de que se teña rematado de pasar lista.

Puntuará positivamente a contribución individual ó traballo do grupo. Bosquexo de preguntas ó profesor e a participación voluntaria na posta en común dos exercicios.

#### 5.3 Mínimos esixibles:

O dominio de cada un dos criterios de avaliación constitúe o mínimo esixible para superar o módulo profesional, así como a posesión da autonomía, identidade e madurez persoal e profesional que permitan realizar futuras aprendizaxes e adaptacións ó cambio de cualificacións.



## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para aqueles alumnos que finalizado o período trimestral de avaliación non alcanzasen os obxectivos mínimos, programaranse, a criterio do profesor/a, novas probas parciais de recuperación, que versarán sobre os contidos non superados. Así mesmo, o remate do curso (antes da avaliación final) poderase facer unha proba extraordinaria para acadar os obxetivos pendentes das avaliacións non superadas durante o curso.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua deberá presentarse antes da avaliación final do módulo á mesma proba de recuperación que o alumnado con partes pendentes, coa salvedade de que terán que examinarse de tódalas unidades do módulo, para así comprobar que se superaron os obxectivos mínimos esixibles.

A nota da avaliación final será a nota acadada nesa proba.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Atendendo á normativa vixente o seguimento da programación de cada módulo farase a través da aplicación web Xestión das programacións, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<https://www.edu.xunta.es/programacions/>). E será realizado polo/a profesor/ra responsable de cada módulo dende a aplicación ao longo do curso.

A avaliación da práctica docente permitirá verificar a adecuación do proceso de ensinanza ás características e necesidades educativas do alumnado. En función dos resultados obtidos poderán introducirse modificacións e/ou melloras na propia programación e na actuación como docentes.

Valoraranse diferentes aspectos a través de fichas de avaliación e enquisas online na aula virtual, e teranse en conta as opinións dos alumnos e alumnas e o contraste con outros docentes.

Esta avaliación levarase a cabo dun xeito continuo ao longo de todo o proceso de ensinanza, co obxecto de ir reorientándoo cando éste o requira.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso farémolle un cuestionario relacionado coa materia e outros aspectos de carácter transversal para coñecer o estado en que chega este alumnado cara o mellor aproveitamento do impartido neste módulo. Desta proba inicial sacaranse unhas conclusións que formarán parte desta avaliación inicial.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo teñen como obxectivo intentar axudar a superar algunha unidade didáctica a aqueles alumnos que non acadaron os obxectivos mínimos esixibles. O alumnado que prograse máis lentamente ou teña dificultades detectadas centrará a súa atención nos aspectos significativos do programa, con atención aos contidos básicos. Este alumnado terá un maior seguimento e recibirá un tratamento máis personalizado. Nese sentido procurarase que os contidos sexan adecuados ao seu nivel cognitivo. Así mesmo, identificaranse e respectaranse os distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e proporanse actividades de reforzo que consolidarán os coñecementos básicos mediante o traballo reiterado de conceptos e procedementos. Estas actividades seguirán as necesidades individuais do alumnado, co emprego de metodoloxías diversas e adaptadas á realidade e ó entorno co fin de que sexa máis fácil a asimilación dos contidos básicos e o desenvolvemento de capacidades, habilidades, destrezas e actitudes.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A maioría dos temas transversais serán incorporados a través dos contidos actitudinais programados para cada unidade didáctica. O resto traballarase no clima da clase, aproveitando distintas situacións que se produzan para introducir mensaxes sobre drogas, alcohol, igualdade, violencia de xénero, etc, propiciando debates nos que se cumpran as normas de respecto mutuo e convivencia, e utilizando unha linguaxe non sexista na realización das actividades.

En canto ás áreas prioritarias, trataranse mediante a utilización de catálogos e documentación en lingua estranxeira así como a través da revisión e implantación de novas tendencias en tecnoloxías da información e da comunicación.

Orientarase ós alumnos cara a cooperación para a superación de dificultades que se presenten no grupo, cunha actitude tolerante ante as ideas e actitudes do resto dos compañeiros.



### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como complemento ás diversas actividades teóricas e prácticas programárase unha saída a un centro de traballo relacionado co ciclo formativo, e concretamente cos diversos módulos de aprendizaxe. Co fin de completar a súa formación e buscar alternativas para o tempo de ocio do alumnado, facilitarase información sobre actividades culturais do entorno, asociacións, programas deportivos, etc.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Ponderación final

Dada a situación de falta de autoestima deste alumnado, que as veces maniféstase con actitudes violentas e falta de interese polo estudo, faise imprescindible que o profesorado teña unha sensibilidade especial para axudar na recuperación da súa autoestima. Nestes casos o máis importante non son os contidos mínimos senón a formación de persoas. A avaliación dos contidos debe quedar en segundo plano ante a importancia de recuperar un alumnado que estaba predestinado o fracaso escolar e case sempre a un futuro laboral sen posibilidades.